



CLUB BRIGANTIA AVENTURA
G-70396205
C/ Hospital 39 Bj
15003-A Coruña

III Raid CONCELLO DE CARIÑO

B R E A F I N G E L I T E E A V E N T U R A

Benvidos a unha nova edición do III Raid CONCELLO DE CARIÑO . Desde o club queremos agradecer O Concello de Cariño, os Organismos públicos e empresas privadas que nos axudaron a poder levar a cabo este raid. Tamén queremos agradecer a todos os participantes por confiar en nos e estar aquí un ano mais.

Antes de comezar ca explicación técnica recordade que a proba se desenrola nun medio natural que debemos coidar e deixalo como estaba o noso paso, así que sexamos serios e respectuosos co medio.

As seccións de Btt discorren por varios núcleos rurais e ademais utilizaredes moitas pistas de comunicación entre estes núcleos. Extremade a precaución o circular por estas vías xa que non teñen moito tráfico, son moi estreitas e no momento menos pensado pode aparecer un animal, coche ou maquinaria agrícola. **Lembrade de cerrar todas as cancelas que atopedes.** Non fai falla dicilo pero tedes que respectar o código de circulación.

A recepción dos equipos será na praza Roxa de Cariño (mesmo lugar co ano pasado), o sábado a partir das 08:30. Haberá lugares habilitados para estacionar e teremos un espáceo destinado os boxees.

Asistencia:

ELITE:

Sen asistencia. Os equipos elite terán que portear as zapatillas de trekin e o material preciso para facer a secc2. Ademais deberán levar comida suficiente para facer a secc1, secc2 e secc3. Estas tres seccións terán un tempo medio de 6 horas. O Chegar a T1 deixaran as bicicletas ben colocadas na zona habilitada para equipos elite e poderán comezar a secc2, o rematar a secc 2 voltaran a T2/T1 colleran as súas bicis e iniciaran a secc3. O que si terán os equipos elite e auga para encher os seus recipientes.

O remate da secc 3 será na praza de Cariño, onde terán xa as súas cousas no seu box.

Ningún equipo elite poderá ser asistido por outra persoa.



CLUB BRIGANTIA AVENTURA
G-70396205
C/ Hospital 39 Bj
15003-A Coruña

AVENTURA

Os equipos aventura que so fagan a carreira 2 compoñentes e non teñen asistencia comportaranse igual cos equipos elite, portando o material preciso para a secc 2 mais a comida precisa para as tres seccións.

O compoñente que descansa fará as tarefas de asistente, para elo se vos entregara un mapa de asistencia. Vos pedimos que colaboredes ca organización na T1 para estacionar os vehículos. Dende a praza de Cariño a T1 tedes 21 km (15 asfaltados e 6 de terra afirmada) Intentade circular con precaución debido a que o terreo pode estar un pouco irregular.

Cando as asistencias abandonedes a T1/T2 Para voltar a cariño coincidiredes durante 3km ca secc 3. Extremade as precaucións cos corredores.

Datos Técnicos:

O raid se divide en 5 seccións. O sistema de control e cronometraxe será por sporident, todos os corredores levaredes unha pinza sporident fixada a muñeca cunha pulseira.

Todo o Raid e en modalidade score e ademais non teñen o mesmo valor todas as balizas. Os mapas que vos daremos son de diferentes escalas e non son impermeables.

E un raid que non será completado por todos los equipos, aconsellámosvos que teñades a referencia dos tempos medios de cada secc e se vedes, que vadees xustos ou pasados vaiades recortando onde poidades.

A meta cerra as 19:00 todo aquel que entre pasado este tempo perdera todos os puntos da secc. So poderán sobre pasar este tempo os equipos que teñan neutralización no kaiak.

Aconsellamos levar roupa de abrigo xa que e un raid que se vai a celebra nunha zona moi exposta o vento no que e probable que chova algo e a sensación térmica será baixa. No kaiak aconsellamos levar posto o impermeable ou cortaventos e valorade o feito de levar un pantalón de augas para vos abrigar, xa que o faredes na parte final da carreira e é mais fácil que vos destempledes.



CLUB BRIGANTIA AVENTURA
G-70396205
C/ Hospital 39 Bj
15003-A Coruña

RECEPCION DE EQUIPOS:

A secretaria abrirá as 8:30 animamos a todo o mundo a facer canto antes este trámite para que teñades tempo de preparar o material.

- Zona Recepción de documentación: entregaremos a bolsa do equipo onde teredes toda a información. **Estarán os 3 dorsais que debes colocar nas vosas mochilas na parte traseira.**
- Zona Comprobación de pinzas sporident e colocación na muñeca das mesmas cas pulseiras.
- Zona foto equipo.

1 Sección. BTT1- 31km-1300 ascc posit-1/20000. 2 mapas

Saimos de Cariño en masa, moito ollo nas primeiras Balizas, xa que vos xuntaredes varios equipos e poderá haber algo de tumulto. E unha btt longa na que temos que ter coidado ca circulación, estradas prohibidas e tamén con deixar cerradas as cancelas que atopemos. Chegada T1

Importante para os equipos elite, levar enriba todo o material para facer a secc2, o material que non precisen para facelo poderano deixar cas bicicletas. Terán auga no lugar do cambio de sección.

2 Sección. Trekín 12km-500 ascc positivo. 1/12500. 1 mapa

Inicio e final na T1

A zona da secc e unha zona que permite a navegación pero ten unha maleza as veces complicada. E unha zona moi exposta co cal recomendamos levar algunha prenda térmica posta e o cortaventos ou impermeable.

Unha vez finalizada esta sección os corredores colleran as súas bicicletas e iniciaran a secc3.

A baliza 3 e 4, teñen de descrición de control "cota". O circulo esta colocado no mapa segun posición do Gps, pero non coincide na cota que ten pintada o mapa. Tede claro que a baliza a puxemos no punto mais alto da cota e nos dous caso en zonas moi obvias e claras.



CLUB BRIGANTIA AVENTURA
G-70396205
C/ Hospital 39 Bj
15003-A Coruña

O mapa presenta unha mancha cunha zona prohibida. Poderedes utilizar os camiños desa zona prohibida, fixadevos no mapa que os camiños desa zona non estan tachados.

3 Sección. BTT2 23 Km-500 ascc Positivo. 1/20000. 2 mapas

Colleredes as bicicletas es vos dirixiredes a T3 (praza de Cariño). Vai ser unha bicicleta rapida inda que un pouco rompepernas. Os corredores deberedes ter coidado xa que coincidiredes cos vehículos de asistencia durante 3 km.

Moito ollo nesta secc cas estradas prohibidas (haberá xente da organización mirando estos puntos)

O final da secc3 teredes que descargar as vosas pinzas. Ollo os aventura que o que descansa terá que descargar con seus dous compañeiros. Secuencia:

Fin de secc ➡ Descarga ➡ Limpamos ➡ Check ➡ Start

4 Sección . Kaiak e rappel 5km+1 mapa

A saída e final da secreción e dende a praza, pero teredes que desprazarvos 500 m ata o embarcadoiro, os equipos que queiran levar as súas palas poderano facer pero terán que portealas dende a praza ata o embarcadoiro.

O compoñente de elite que non reme e o compoñente de aventura que descanse poderán facer as cordas mentres os seus compañeiros fan a proba de kaiak. **Non haberá neutralización no rappel.** Farédelo a medida que as cordas esteen libres. A bonificación que ten o rappel e de 30 min a descontar do tempo final. Para facer esta proba será preciso o material de cordas pedido no boletín, mais unhas zapatillas de trekin, o casco específico o deixara a organización xa que non valera o da btt. (so rapela un membro por equipo)

O director da secc de cordas poderá impedir que algún equipo faga o rappel por motivos de seguridade, ven sexa por descoñecemento da técnica ou un material defectuoso ou invalido. O Rappel estará pechado a partir das 18.00.



CLUB BRIGANTIA AVENTURA
G-70396205
C/ Hospital 39 Bj
15003-A Coruña

Esta secc estará moi influencia da polo vento e as mareas. Importantísimo non descoidar o abrigo (recomendable levar posto o cortaventos e se o vedes necesario o pantalón de augas). Funda estanca para o mapa.

Ningún equipo poderá comezar esta sección antes da 13:00 e ningún equipo poderá saír a sección sobrepasadas as 17:30.

Se algún equipo tivese que esperar polo kaiak, (cousa improbable), o equipo seria neutralizado e ese tempo ampliaríase sobre as 19.00 de cerre de meta.

5 Sección. Trekin. 14 km+500m ascc positivo+1 mapa +1/10000

Sección que comeza e remata na praza de Cariño. Moito ollo ca hora de cerre, as 19.00 da tarde e especial atención os vehículos e peóns xa que parte do recorrido desenvolverase polo casco urbano.

Se vos dará un mapa por equipo. Ese mapa estará dividido en dous mapa, un en escala 1/10000 e outra parte ampliada 1/4000

Lembre de descargar o final da carreira.

A meta pechara as 19:00 e as 20:30 entrega de premios e pincho de confraternización no pavillón de cariño.

Rogamos a todos os participantes que nos acompañedes nesta cerimonia para desfrutar dun momento de convivencia, recoñecementos e agradecementos.